

Carta das cidades europeas cara a sostibilidade

As cidades membros do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, reunidas en Asemblea Xeral en Santiago de Compostela, coa presenza do Excmo. Sr. D. Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, da Excm. Sra. Dna. Cristina Narbona, Ministra de Medio Ambiente do Goberno Español, e do Dr. Rui Nuno García de Pina Neves Baleiras, Secretario de Estado do Desenvolvemento Rexional, e do Excmo. Sr. D. Manuel Vázquez Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, acordan a sinatura do presente documento, enmarcado na estratexia conxunta de desenvolvemento sostible para o sistema urbano da eurrrexión Norte de Portugal-Galicia.

(Segundo foi aprobada polos participantes na Conferencia europea sobre as cidades sostibles celebrada en Aalborg, Dinamarca, o 27 de Maio de 1994)

PARTE I. DECLARACIÓN DE CONSENSO. AS CIDADES EUROPEAS CARA A SOSTIBILIDADE

1.1 O papel das cidades europeas

Nós, as cidades europeas asinantes desta Carta, declaramos que no curso da historia coñecemos imperios, estados-nacións e réximes, e sobrevivímoslles como centros da vida social, portadores das nosas economías e gardiáns da cultura, o patrimonio e a tradición. Xunto coas familias e os barrios, as cidades foron a base das nosas sociedades e estados, o centro da industria, o artesanado, o comercio, a educación e o goberno.

Comprendemos que o noso actual modelo urbano de vida, e particularmente as nosas pautas de división do traballo e das funcións, a ocupación do terreo, o transporte, a produción industrial, a agricultura, o consumo e as actividades de ocio e, polo tanto, o noso nivel de vida, fainos especialmente responsables de moitos dos problemas ambientais cos que se enfronta a humanidade. Este feito é especialmente significativo se temos en conta que o 80% da poboación europea vive en zonas urbanas.

Aprendemos que os actuais niveis de consumo de recursos dos países industrializados non poden ser alcanzados pola totalidade da poboación mundial, e aínda menos polas xeracións futuras, sen destruír o capital natural.

Estamos convencidos de que a vida humana neste planeta non se pode soste sen comunidades locais sostibles. O goberno local encóntrase preto do lugar onde se perciben os problemas ambientais e moi preto dos cidadáns; ademais, comparte cos gobernos de todos os ámbitos territoriais a responsabilidade do benestar da humanidade e da natureza. Polo tanto, as cidades teñen unha función determinante no proceso de cambio dos modos de vida, da produción, do consumo e das pautas de distribución do espazo.

1.2 Noción e principios de sostibilidade

Nós, as cidades, comprendemos que o concepto de desenvolvemento sostible axúdanos a basear o noso nivel de vida na capacidade de carga da natureza. Pretendemos conseguir a xustiza social, as economías sostibles e a sostibilidade

ambiental. A xustiza social require necesariamente a sostibilidade económica e a equidade, que á súa vez precisan á sostibilidade ambiental.

A sostibilidade ambiental implica tamén o mantemento e a preservación do capital natural. Necesita que o noso ritmo de consumo de recursos materiais, hídricos e enerxéticos renovables non supere a capacidade dos sistemas naturais para repoñelos, e que o ritmo ó que consumimos recursos non renovables non supere ó ritmo de substitución por recursos renovables perdurables. A sostibilidade ambiental conleva tamén que o ritmo de emisión de contaminantes non supere a capacidade do aire, da auga e do terreo para absorbelos e procesalos.

A sostibilidade ambiental implica ademais o mantemento da diversidade biolóxica, a saúde humana, a calidade do aire, da auga e do terreo a uns niveis que sexan suficientes para preservar para sempre a vida e o benestar da humanidade, así como tamén da flora e da fauna.

1.3 Estratexias locais cara á sostibilidade.

Nós, as cidades, estamos convencidas de que a cidade é, á súa vez, a entidade máis importante capaz de afrontar inicialmente os numerosos desequilibrios arquitectónicos, sociais, económicos, políticos, ambientais e de recursos naturais que afectan ó mundo moderno, e á unidade máis pequena onde os problemas poden ser resoltos adecuadamente, de maneira integrada, holística e sostible. Tendo en conta que todas as cidades son diferentes, temos que atopar as vías propias cara á sostibilidade. Integraremos os principios de sostibilidade en todas as nosas políticas e faremos das nosas forzas respectivas a base das estratexias adecuadas no ámbito local.

1.4 A sostibilidade como proceso creativo local na busca do equilibrio.

Nós, as cidades, recoñecemos que a sostibilidade non é un soño nin unha situación inmutable, senón un proceso creativo local en busca do equilibrio que se estende a todos os ámbitos de toma de decisións a este nivel. Permite unha realimentación da información permanente sobre as actividades que impulsan ó ecosistema urbano cara ao equilibrio e sobre as que o separan del. Cando se basea a xestión urbana na información recollida a través dun proceso deste tipo, a cidade aparece como un todo orgánico, no que se fan patentes os efectos de todas as actividades importantes. Mediante un proceso así, a cidade e os seus habitantes poden elixir entre opcións, con coñecemento de causa. Un proceso de xestión baseado na sostibilidade permite tomar decisións que non repercuten unicamente nos intereses das persoas afectadas, senón tamén nos das xeracións futuras.

1.5 Resolución de problemas mediante negociacións abertas.

Nós, as cidades, recoñecemos que non podemos permitirnol nos trasladar os nosos problemas ó medio ambiente nin tampouco ás xeracións futuras. Polo tanto, temos que resolver as nosas dificultades e desequilibrios primeiro por nós mesmos e, se é necesario, coa axuda de entidades rexionais ou nacionais. Este é o principio da concertación, a aplicación do cal dará máis liberdade a cada cidade para definir a natureza das súas actividades.

1.6 A economía urbana cara á sostibilidade.

Nós, as cidades, comprendemos que o factor restritivo do noso desenvolvemento económico foi o noso capital natural, como a atmosfera, o solo, a auga e os bosques. Necesitamos, pois, investir neste capital, respectando a orde prioritaria seguinte:

Investir na conservación do capital natural existente (reservas de augas subterráneas, solo, hábitats de especies raras).

Fomentar o crecemento do capital natural e reducir o nivel de explotación actual (por exemplo, das enerxías non renovables).

Investir para alixear a presión sobre as reservas de capital natural, mediante a expansión do capital natural cultivado, como parques de recreo urbano que mitiguen a presión nos bosques naturais.

Incrementar a eficiencia no uso final dos produtos, con edificios de elevada eficiencia enerxética ou transportes urbanos respectuosos co medio ambiente.

1.7 Xustiza social para a sostibilidade urbana.

Nós, as cidades, somos conscientes de que os pobres son os máis afectados polos problemas ambientais (ruído, contaminación polo tránsito, ausencia de instalacións de recreo, vivendas insalubres, inexistencia de espazos verdes) e os que teñen menos capacidade para resolvelos. O reparto desigual da riqueza é a causa de comportamentos insostibles e fai máis difícil cambialos. Temos a intención de integrar as necesidades sociais básicas da poboación, así como os problemas de sanidade, ocupación e vivenda, na protección do medio ambiente. Queremos aprender das primeiras experiencias de estilos de vida sostibles, de maneira que poidamos mellorar a calidade de vida da cidadanía en lugar de maximizar simplemente o consumo.

Procuraremos crear postos de traballo que contribúan á sostibilidade da comunidade e reducir así a desocupación. Ó intentar atraer ou crear ocupación, avaliaremos os efectos das oportunidades económicas en termos de sostibilidade para favorecer a creación de postos de traballo e produtos duradeiros que se axusten ós principios de sostibilidade.

1.8 Pautas sostibles de usos do solo.

Nós, as cidades, recoñecemos que é importante que as nosas autoridades locais apliquen políticas efectivas de usos do solo e de ordenación do territorio que impliquen unha avaliación ambiental estratéxica de todos os planos. Temos que aproveitar as oportunidades que ofrecen as concentracións urbanas máis densas de proporcionar servizos públicos de transporte e subministro de enerxía máis eficientes e, ó mesmo tempo, manter a dimensión humana do desenvolvemento. Ó emprender programas de renovación do centro das cidades e planificar novas zonas suburbanas, trataremos de buscar funcións múltiples para reducir a mobilidade. O concepto de interdependencia rexional equitativa permitiranos equilibrar os fluxos entre o campo e a cidade e impedir ás cidades a simple explotación dos recursos das zonas periféricas.

1.9 Pautas de mobilidade urbana sostibles.

Nós, as cidades, temos que esforzarnos por mellorar a accesibilidade e por manter o benestar e os estilos de vida urbana, reducindo o transporte. Sabemos que para que unha cidade sexa sostible é indispensable reducir a mobilidade forzada e deixar de fomentar o uso innecesario de vehículos motorizados. Daremos preferencia ós medios de transporte respectuosos co medio ambiente (en particular os desprazamentos a pé, en bicicleta ou en transporte público) e situaremos no centro dos nosos esforzos de planificación unha combinación destes medios. Os diversos medios de transportes urbanos motorizados han ter a función subsidiaria de facilitar o acceso ós servizos locais e manter a actividade económica das cidades.

1.10 Responsabilidade do cambio climático global.

Nós, as cidades, comprendemos que os riscos considerables que comporta o quentamento do planeta para os contornos naturais e urbanos e para as xeracións futuras requiren unha resposta adecuada para estabilizar e posteriormente reducir, co a maior rapidez posible, as emisións á atmosfera de gases de efecto invernadoiro. Tamén é igualmente importante o feito de protexer os recursos mundiais de biomasa como os bosques e o fitoplancton, que cumpren un papel fundamental no ciclo de carbono do planeta. A redución das emisións de combustibles fósiles requirirá políticas e iniciativas baseadas nun coñecemento exhaustivo das alternativas e do medio urbano como sistema enerxético. As únicas alternativas sostibles son as fontes renovables de enerxía.

1.11 Prevención da intoxicación dos ecosistemas.

Nós, as cidades, somos conscientes da crecente cantidade de sustancias tóxicas e perigosas que se liberan á atmosfera, á auga, ó solo e ós alimentos, e do feito de que todas constitúen unha ameaza cada vez maior para a saúde dos humanos e dos ecosistemas. Procuraremos por todos os medios frear a contaminación e prevela dende a súa orixe.

1.12 A autoxestión de ámbito local como condición necesaria.

Nós, as cidades, estamos convencidas de que temos a forza, o coñecemento e o potencial creativo para desenvolver estilos de vida sostibles e para deseñar e manexar as nosas cidades cara á sostibilidade. Como representantes das nosas comunidades locais por elección democrática, estamos preparados para asumir a responsabilidade da tarefa de reorganización das nosas cidades para a sostibilidade. A capacidade das cidades para afrontar este reto depende dos dereitos de autoxestión que lle sexan outorgados, en virtude do principio de subsidiaridade. É fundamental que as autoridades locais teñan os poderes suficientes e un apoio financeiro sólido.

1.13 O protagonismo dos cidadáns e a participación da comunidade.

Nós, as cidades, comprometémonos a seguir o mandado da Axenda 21, documento clave aprobado na Cimeirada Terra en Río de Xaneiro, de traballar con todos os sectores das nosas comunidades – cidadanía, empresas, grupos de interese – no desenvolvemento das Axendas 21 locais. Estamos de acordo co chamamento do quinto programa de acción, en materia de medio ambiente, da Unión Europea: “Cara a un desenvolvemento sostible” e a compartir, polo tanto, a responsabilidade da aplicación do programa entre todos os sectores da comunidade. En consecuencia, basearemos os nosos traballos na cooperación entre todas as partes implicadas.

Garantiremos o acceso á información de toda a cidadanía e dos grupos que estean interesados e vixiaremos para que poidan participar nos procesos locais de toma de decisións. Buscaremos oportunidades de educación e formación en materia de sostibilidade: non só para o público en xeral, senón tamén para os representantes elixidos e o persoal das administracións locais.

1.14 Instrumentos e ferramentas para a xestión urbana orientada cara a sostibilidade.

Nós, as cidades, comprometémonos a utilizar os instrumentos básicos políticos e técnicos dispoñibles para conseguir un razoamento ecosistemático da xestión urbana. Aproveitaremos a ampla gama de instrumentos para a recollida e o tratamento de datos ambientais e a planificación, así como os instrumentos regulamentarios económicos e de comunicación, como directivas, taxas e dereitos, mecanismos de sensibilización, incluíndo a participación do público. Trataremos de crear novos sistemas de contabilidade ambiental que permitan unha xestión dos nosos recursos naturais que sexa tan económica como a do noso recurso artificial, “o diñeiro”.

Sabemos que temos que basear as nosas decisións e os nosos controles, en particular a vixilancia ambiental, as auditorías, a avaliación do impacto ambiental e os sistemas de contabilidade, de facer balance e de información en diferentes tipos de indicadores, entre os que debe nomearse a calidade do medio ambiente urbano, os fluxos e modelos urbanos e, sobre todo, os indicadores de sostibilidade dos sistemas urbanos.

Nós, as cidades, recoñecemos que en moitas cidades europeas xa se aplicaron con éxito políticas e actividades positivas para o medio ambiente. Estas constitúen uns instrumentos válidos para frear e atenuar o ritmo da presión da insostibilidade, aínda que non poidan por si mesmas inverter esta tendencia insostible da sociedade. Sen embargo, con esta sólida base ecolóxica, as cidades encóntranse nunha posición excelente para dar un primeiro paso e poder integrar estas políticas e actividades no proceso de gobernabilidade, coa finalidade de manexar as economías urbanas locais mediante un proceso de sostibilidade comprensible. Neste proceso deberemos concibir e probar as nosas propias estratexias e compartir as nosas experiencias.

Parte II. CAMPAÑA DAS CIDADES EUROPEAS SOSTIBLES

Nós, as cidades europeas asinantes desta Carta, traballaremos xuntas para un desenvolvemento sostible nun proceso de aprendizaxe a partir da experiencia e dos éxitos conseguidos a escala local. Animarémonos mutuamente a establecer plans de acción local a longo prazo (Axenda 21), reforzando así a cooperación entre autoridades locais, integrando este proceso nas iniciativas da Unión Europea en materia de medio ambiente urbano.

Poñemos en marcha a campaña de cidades europeas sostibles para animar ás cidades na súa tarefa a favor da sostibilidade, así como para apoialas. A fase inicial desta campaña terá unha duración de dous anos e será avaliada durante a segunda conferencia europea sobre cidades sostibles, que se celebrará en 1996.

Convidaremos a todas as autoridades locais, tanto se son de cidades como de poboacións menores, comarcas ou países, e a todas as redes de autoridades locais europeas que participan na campaña mediante a adopción e a sinatura desta Carta.

Instamos a todas as grandes redes de autoridades locais europeas a coordinar a campaña. Crearase un comité de coordinación composto por representantes destas redes. Tomaranse as medidas necesarias en canto ás autoridades locais que non formen parte de ningunha rede.

As principais actividades desta campaña serán as seguintes:

- Facilitar a axuda mutua entre cidades europeas para a concepción, o desenvolvemento e a aplicación de políticas orientadas cara á sostibilidade.
- Recoller e divulgar a información sobre experiencias satisfactorias de ámbito local.
- Fomentar o principio de sostibilidade entre as demais autoridades locais.
- Captar novos asinantes da Carta.
- Organizar cada ano “un agasallo da cidade sostible”.
- Formular recomendacións políticas á Comisión Europea.
- Contribuír ós informes de cidades sostibles do grupo de expertos en medio urbano.
- Dar apoio ós responsables da toma local de decisións en canto á lexislación e as recomendacións apropiadas da Unión Europea.
- Publicar un boletín de información da campaña.

Para levar a cabo estas actividades será necesario o establecemento dunha coordinación da campaña.

Convidamos a outras organizacións a dar apoio activo a esta campaña.

PARTE III. IMPLICACIÓN NO PROCESO DAS AXENDAS 21 LOCAIS: PLANS DE ACCIÓN LOCAL A FAVOR DA SOSTIBILIDADE

Nós, as cidades europeas asinantes desta Carta, comprometémonos, polo feito de asinala e de participar na campaña de cidades europeas sostibles, a tratar de chegar a un consenso no seo das nosas comunidades sobre unha Axenda 21 de alcance local antes de rematar o ano 1996. Deste modo, seguimos o mandado establecido no capítulo 28 da

Axenda 21, tal como se acordou na Cimeira da Terra de Río de Xaneiro no mes de xuño de 1992. Mediante os nosos plans de acción local, contribuiremos á aplicación do quinto programa de acción da Unión Europea, en materia de medio ambiente, “Cara a un desenvolvemento sostible”. Os procesos de Axenda 21 locais levaranse a cabo de acordo ca primeira parte desta Carta.

Propoñemos que o proceso de preparación dun plan de acción local inclúa as etapas seguintes:

- Recoñecemento dos marcos de planificación e dos mecanismos financeiros existentes, así como tamén outros plans e programas.

- Localización sistemática dos programas e das súas causas mediante amplas consultas públicas.
- Clasificación das tarefas por orde de prioridade para tratar os problemas detectados.
- Creación dun modelo de comunidade sostible mediante un proceso participativo que inclúa a todos os sectores da comunidade.
- Consideración e avaliación de opcións estratéxicas alternativas.
- Establecemento dun plan de acción local a longo prazo cara á sostibilidade que inclúa obxectivos.
- Programación da aplicación do plan, incluíndo a preparación dun calendario e dunha declaración do reparto de responsabilidades entre os participantes.
- Reparto de responsabilidades entre os participantes.
- Establecemento de sistemas e procedementos para a monitorización e información da implementación.
- Deberemos estudar se os acordos internos das nosas autoridades locais son apropiados e eficientes para permitir o desenvolvemento do proceso da Axenda 21 local, incluídos os plans de acción local a longo prazo cara á sostibilidade. É posible que sexan necesarios esforzos adicionais para mellorar a capacidade de organización, nos que se deberá incluír a revisión dos acordos políticos, os procedementos administrativos, as tarefas colectivas e interdisciplinarias, os recursos humanos dispoñibles e a cooperación entre as autoridades, incluíndo ás asociacións e redes.

Asinantes das Cidades Europeas para a Sostibilidade (Carta de Aalborg):

Francisco Vázquez Vázquez,
Alcalde do Concello de A Coruña

António Jorge Nunes
Presidente da Câmara Municipal de Bragança

Juan Juncal Rodríguez
Alcalde do Concello de Ferrol

José López Orozco
Alcalde do Concello de Lugo

Manuel Jaime Cabezas Enríquez
Alcalde do Concello de Ourense

Miguel Anxo Fernández Lórez
Alcalde do Concello de Pontevedra

Xosé Sánchez Bugallo
Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

Corina Porro
Alcaldesa do Concello de Vigo

Manuel do Nascimento Martins
Presidente da Câmara Municipal de Vila Real

Francisco Soares Mesquita Machado
Presidente da Câmara Municipal de Braga

Joan Baptista
Presidente da Câmara Municipal de Chaves

António Magalhães
Presidente da Câmara Municipal de Guimarães

Severino Rodríguez Díaz
Alcalde do Concello de Monforte de Lemos

Nuno Sousa Gonçalves
Presidente da Câmara Municipal de Peso da Régua

Rui Rio
Presidente da Câmara Municipal de Porto

Defensor Oliveira Moura
Presidente da Câmara Municipal Viana do Castelo

Luís Filipe Menezes
Presidente da Câmara Municipal Vila Nova de Gaia

Joaquin Gago López
Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa